



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 8-9-2022 a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Consulta pública sobre novo Regulamento de Agrupación de Voluntariado de Protección Civil do Concello de Sada)**

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obriga de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan por Resolución de alcaldía núm.367/2022, do 18 de marzo, e modificado por modificado polas Resolucións de alcaldía: núm.500/2022, núm.984/2022 e núm. 1355/2022, publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada o día 8 de setembro de 2022, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía, ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a nova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación a nova regulación por regulamento denominado: Agrupación de Voluntariado de Protección Civil do Concello de Sada, pola Concellaría de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado elaborouse unha memoria cumprimentado os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da mesma.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir un prazo de 10 días hábiles de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende os seguintes aspectos en relación ao novo regulamento da Agrupación de Voluntariado de Protección Civil do Concello de Sada

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, computándose o prazo dende a publicación para realizar as achegas que se consideren oportunas a



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telematicamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015”.

Sada, na data da sinatura dixital

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

- Portal de transparencia
- Taboleiro
- Taboleiro Sede Electrónica
- Web